





MANZANEDA E SOBRADO

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2025



Distancia: 7 km (lineais, a pé ou en coche)

Dificultade: media



Castiñeiro no Pazo de Barbeirón
(Sobrado, A Pobra de Trives)

Manzaneda é a vila capital do concello do mesmo nome, situada nas abas da serra do Eixe e orientada cara ao Bibei no val do río San Lázaro e os seus afluentes. É unha vila antiga pola que pasaban camiños importantes. Tivo unha muralla medieval de 400 m dos que se conservan 100 m, un miradoiro e as portas de entrada e saída. A parte antiga da vila ten algunhas casas de interese. Esta moi relacionada cos deportes de montaña.

Para organizar eta ruta imos empregar Manzaneda como centro desde o que se poden facer pequenos percorridos en coche ou camiñando.

Porta da Vila. Unha das partes que se conservan da antiga muralla que rodeaba Manzaneda con orixes no século XII.



PERCORRIDO

1 Manzaneda podemos facer unha camiñada pola vila e subir ao miradoiro da muralla.

2 MONUMENTO NATURAL “SOUTO DE ROZAVALES”

Espazo de 1,79 ha en San Martiño de Arriba, no concello de Manzaneda. Foi declarado Monumento Natural no 1995 e está rexistrado como Formación senlleira. É un souto formado por castiñeiros moi antigos. Un ecosistema altamente valioso, non só para a explotación humana de madeira e castaña e como atractivo turístico. Un lugar para protexer para moitos anos máis.

Destaca o castiñeiro de Pumbariños con máis de 500 anos de idade e 12,5 m de perímetro (rexistrado como Árbore senlleira). Ao seu carón sénteste pequena, míralo con respecto e pensas nas historias que podería contar, ou todo o que o que se faría coa súa madeira, a canta xente alimentarían as súas castañas... Pero sobre todo gozas vendo a súa estrutura sólida, as ponlas retorcidas e os innumerábeis recunchos que se forman entre os seus nós.

Nas proximidades atópase un cerquiño monumental.

Vaise desde Manzaneda a 1,20 km

3 SOBRADO

Localidade do concello de Trives que acolle o conxunto arquitectónico formado pola igrexa románica de San Salvador de Sobrado de Trives e o mosteiro beneditino (ámbolos dous do século XII) e a torre das campás de edificación exenta do século XVI. Tamén hai varios pazos.

Vaise desde Manzaneda (3 km) e polo camiño pódense ver algunhas árbores interesantes: bidueiro, castiñeiros...

4 FERVENZA DO RÍO SAN LÁZARO.

Na parroquia e concello de Manzaneda. O río de San Lázaro excava un estreito canón por baixo de Manzaneda ata o Bibeí, entre socalcos medio abandonados e un bosque de difícil acceso. Hai varios saltos sucesivos pero o maior e máis visible é un de 15 m nun afluente que baixa pola dereita.

COMO CHEGAR: desde Mendoia (estrada Pobra de Trives a Manzaneda) un camiño baixa do cemiterio cara a zona superior da fervenza; ou tamén dende Mendoia preto da igrexa báixase polos socalcos das viñas cara o Bibeí, ollándose a fervenza enfronte, un pouco afastada. O salto está xusto por debaixo da vila de Manzaneda, e por riba da central eléctrica. Para ver a parte alta cóllese unha pista de terra que vai ata os viñedos da Camparada (Sobrado). Outra opción é rodeando o pazo Barbeirón e por dentro da finca chegar á granxa e, desde alí, por fóra do peche de arame que separa os prados, camiñar cara ao río. Un sendeiro pouco evidente que pasa por enriba da zona do tendido eléctrico leva á parte alta do salto. Para poder velo hai que cruzar o río e “atreverse” a baixar pola empinada e difícil ladeira.

O río San Lázaro nace en Cabeza de Manzaneda e ao longo de case todo o seu percorrido fai fronteira entre os concellos de Pobra de Trives e Manzaneda. Xúntase ao Bibeí nas proximidades do Larouco. Ten un percorrido con grandes desniveis e excava un estreito canón desde Manzaneda ata a súa desembocadura. O principal afluente é o Tintín, no que hai un encoro.



Igrexa románica de San Salvador de Sobrado



Castiñeiro da Regadiña. Mendoia. (Pobra de Trives-Ourense). O toro ten un gran oco e a copa está moi mermada. Supera os 500 anos e ten 11 m de perímetro.



Castiñeiro de Pumbariños (Manzaneda) no outono.

Castiñeiro de Pumbariños, no Souto de Rozavales en Manzaneda (Ourense). É o de maior perímetro de Galiza, con máis de 12 m, e supera os 500 anos. (Verán)

O **castiñeiro** (*Castanea sativa*) é unha árbore autóctona de Galicia

Do castiñeiro aprovéitase a madeira, moi apreciada en ebanistería por ser dura e resistente á couza e a rela e ter un bo acabado. As castañas como alimento de persoas e animais e as follas e ourizos secos como cama para o gando e adubo para as terras. A castaña supuxo unha fonte de alimentación fundamental en Galiza ata que se introduciu a pataca.



Castiñeiro de Pumbariños no inverno.



Castiñeiro de Pumbariños (Manzaneda) no outono.



Cerquiño ou rebolo do Pazo da Pena.
(Rozabales, Manzaneda).
-27 m de altura e 4,10 m de perímetro.
Rexistrado como Árbore Senlleira



Fervenza no río San Lázaro